

# O Cancioneiro Popular Galego de Dorothe Schubarth

9 de abril de 2019

Malia ser unha das fontes máis citadas e louvadas no campo da investigación de música tradicional, o Cancioneiro Popular Galego segue a ser unha obra en xeral incomprendida e pouco usada.

Este curso pretende axudar a comprender esta obra clave na descrición da música cantada de tradición oral en Galicia.

Imparte o curso: **Sergio de la Ossa**



Sergio de la Ossa (Madrid, 1978) é etnomusicólogo, mestre especialista en pedagogía musical Kodály e guitarrista. Entre 2007 e 2018 estivo a cargo do arquivo de música tradicional do Museo do Pobo Galego (<http://apoi.museodopobo.gal>); ensinou música tradicional no Instituto Kodály da Academia Liszt (Kecskemét, Hungría, 2011-2015). Actualmente imparte aulas de solfexo e de teoría e análise de música tradicional na Central Folque e de guitarra clásica e harmonía na Escola Berenguela, en Santiago. É membro da banda Gergelyes, dedicada aos bailes e a música dos húngaros *csángó* (Moldavia).

## Obxectivos:

- Acadar unha mellor comprensión do CPG e, por extensión, da música vocal de tradición oral en Galicia.
- Aprender a manexar o CPG e a buscar información nel.
- Comprender fenómenos propios das músicas tradicionais como a variación melódica e formal, a proxección ou transformación melódica, o libre intercambio de valores longos e breves, etc.
- Coñecer os xéneros que se definen por características musicais e comprender as súas definicións.
- Facilitar a lectura das partituras incluídas no CPG.
- Comprender o sistema de ordenación de melodías.

## Contidos:

- O sistema de escritura e as características da música. Armadura real vs armadura tonal. A [falta de] barra de compás; grupos de notas unidas por corchete; giusto silábico, diferenza de acentuación entre canto e percusión etc.
- A notación das variantes.
- Lectura das táboas sinópticas.
- A descrición da música. Terminoloxía e conceptos relacionados.
- O sistema de clasificación musical, a ordenación das melodías. Comparación con outros exemplos europeos.
- Dous escritos posteriores ao CPG: “Música popular galega no contexto da música popular europea” (A Trabe de Ouro t. 11 nº 41 (2000)) e a entrada “Galicia” no Dicionario de la Música Española e Hispanoamericana.

## Visita ao arquivo do Museo do Pobo Galego

10 de abril de 2019

- APOI - Arquivo do patrimonio oral de identidade
- Fondos Dorothe Schubarth entre outros
- Materiais custodiados no arquivo
- Percorrido polo proceso de elaboración das bases de datos
- Recepción de materiais, catalogación, dixitalización e publicación

### Curso Sergio de la Ossa: Martes 9 de abril

Horario: de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 (8 horas)

Lugar: CSMVigo: Manuel Olivie n.23 36203 Vigo

### Visita ao Museo do Pobo Galego: Mércores 10 de abril

Horario: ás 16:00h

Lugar: San Domingos de Bonaval 15703 Santiago de Compostela

### Matrícula:

A inscrición realizarase entrando na páxina web do centro [csmvigo.com](http://csmvigo.com), no espazo dedicado a cursos e actividades. Data límite: 2 de abril de 2019 (prazos limitadas)

O prezo do curso (coa entrada e visita ao museo incluída) será de **20 €** para alumnado CSMVigo. **30 €** para o resto de alumnado.

Organizan:  
Dpto. de Musicoloxía  
Dpto. de IMTP

Colabora:  
Equipo de Dinamización  
da Lingua Galega

**CSMV**  
CONSERVATORIO SUPERIOR  
DE MÚSICA DE VIGO

Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega